

O Concello inviste 130.000 € na mellora do alumeadado das súas instalacións deportivas

O Concello de Boqueixón vén de investir máis de 130.000 euros na mellora das instalacións de alumeadado dos seus recintos deportivos. Un investimento que permitirá que a veciñanza poida gozar dunhas mellores instalacións, que o Concello poida aforrar ata un 62% na factura mensual da luz e que todos disfrutemos coidando do noso medio ambiente, ao reducir as emisións á atmosfera e usar material totalmente reciclable.

Iso é posible grazas ao cambio dos antigos proxectores de halogenuro metálicos por modernas luminarias de tecnoloxía LED, con protección fronte a impactos. Así, mantendo a mesma tensión, as novas tecnoloxías reducen o consumo de 28.305 W a 6.000 W.

Melloras que xa poden disfrutar os usuarios e usuarias dos campos de fútbol do Forte e de Camporrapado, así como as que cada día empregan os pavillóns de Lestedo e do Forte, onde tamén se aproveitou para mellorar o alumeadado do ximnasio municipal.



Os investimentos no campo de fútbol e no polideportivo e ximnasio do Forte ascenderon a máis de 65.000 euros euros



O Concello achegou 16.000 € á mellora do pavillón de Lestedo e outros 30.000 € ao campo de fútbol de Camporrapado

CALENDARIO DO PUNTO LIMPO MÓBIL

De	Ata	Parroquia	Lugar
27-nov	03-dec	Ledesma	Campo da Festa
04-dec	10-dec	A Granxa	Campo da Festa
11-dec	18-dec	Sergude	Campo da Festa Vello
19-dec	25-dec	Sergude	Campo da Festa de San Bieito
26-nov	07-xan	Lestedo	Campo da Festa

A Xunta mellorará o firme na estrada AC-261 en Lamas

A Xunta acometerá novas obras de mellora do firme na estrada autonómica AC-261 ao paso por Boqueixón e Santiago, tal e como lle solicitara o alcalde Ovidio Rodeiro ao director xeral da Axencia Galega de Infraestruturas na súa reunión de hai un par de meses. As obras, adxudicadas por máis de 43.000 €, comezarán cando as condicións meteorolóxicas sexan favorables.

Así, rehabilitarase o firme da estrada no PK 8, en Lamas. Os traballos consistirán no fresado e reposición de 5 cm da capa de rodaxe cunha capa de mestura betuminosa en quente. As obras reforzarán a seguridade na zona e darán continuidade ás actuacións que a Xunta leva a cabo nos últimos anos en diversos treitos do trazado desta vía.

Case 65.000 euros para mellorar os accesos ás aldeas de Mareque e Noenlle

O alcalde de Boqueixón, Ovidio Rodeiro, supervisou o inicio das obras do “Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2023-2024”, nas que o Concello inviste 64.973 euros. “Unha actuación que suporá unha mellora significativa dos accesos ás localidades de Mareque e Noenlle, na parroquia de Sergude, onde imos reparar as pistas e aglomeradas en quente para mellorar a seguridade viaria”, explica o alcalde.

En ambos os dous casos, as obras consisten na reparación de fochancas e perfilado de mordentes de ambas as dúas pistas, sobre as que se aplicará un aglomerado en quente de 5 centímetros de espesor. En Mareque canalizaranse as augas pluviais a través de 275 metros de tubaxe, sobre as que se executará unha capa de 15 centímetros de formigón e 11 ar-



O alcalde, Ovidio Rodeiro, supervisou o inicio das obras



Obras do Plan de mellora de camiños de acceso a parcelas agrícolas 2023-24

quetas sumidoiro. No caso de Noenlle, o proxecto inclúe tamén a colocación de dúas barreiras de segu-

ridade de catro metros e a sinalización horizontal da estrada, co pintado de liñas de bordo e sinais.



Encontro na busca de axudas para melloras nas aldeas do municipio

O alcalde, Ovidio Rodeiro, reuniuse coa directora xeral de Administración Local, Natalia Prieto Viso, para analizar posibles proxectos de colaboración na mellora das aldeas de Boqueixón a través das axudas que convoca a Vicepresidencia Segunda da Xunta.



Reunión na Xunta para traballar pola igualdade en Boqueixón

O alcalde, Ovidio Rodeiro, mantivo unha reunión coa secretaria xeral de Igualdade, Sandra Vázquez. Un encontro no que estivo acompañado pola concelleira de Servizos Sociais e Igualdade, Angela Conde Leis, e a directora do CIM de Boqueixón, Cristina Carbajales.

O Concello fixo máis de 300 actuacións de limpeza nas catorce parroquias

O Concello de Boqueixón está a desenvolver o seu programa anual de mantemento e roza. A día de hoxe, grazas a este plan leváronse a cabo máis de 300 intervencións en todas as parroquias do municipio de cara manter limpos os espazos públicos para desfrute dos veciños e veciñas.

Neste senso, o persoal da brigada de incendios e motobombistas fixeron labores de limpeza de fontes, lavadoiros e paradas de autobús. Tamén se fixo a roza do espazo público do cumio do Pico Sacro, do antigo basureiro de Lamas, do castro de Gastrar, do campo de fútbol de Lestedo e do Monte de Rubio.

Pola súa banda, a brigada de obras acometeu a roza da ruta dos Pescadores, do Campo do Río de Ledesma, da senda de Sergude, dos patios das esco-



A brigada de roza encargouse da limpeza das cunetas en todas as parroquias

las unitarias e das distintas áreas recreativas. Así mesmo, pintouse o palco de Gastrar e de Santa Mariña, levouse a cabo a limpeza no interior dos distintos núcleos e se acometeron labores de mantemento de atrios.

Cunetas e temporais

Finalmente, a brigada de roza encargouse da limpe-

za de cunetas nas catorce parroquias que, no pasado mes de outubro, se dedicaron á apertura de cunetas e á limpeza dos danos provocados polos continuos temporais sufridos nas últimas semanas.

Neste mes de novembro, a brigada comezou cos traballos de roza das distintas pistas forestais do municipio.

Axudas para edificios senlleiros no Camiño

A Xunta convoca axudas para a rehabilitación de edificios emblemáticos do Camiño de Santiago para crear establecementos de aloxamento ou restauración no marco do Plan Xacobeo Next Generation. Boqueixón é un dos municipios cuxa veciñanza pode optar a esta liña de axudas. Máis información en www.boqueixon.gal.

Convocado o Xuntos polo Nadal

A Xunta abre ata o 8 de decembro o prazo para participar no Xuntos polo Nadal, dirixido a maiores de 60 anos que viven sos e non teñen con quen pasar esas datas festivas. Ofrecense 270 prazas gratuítas no Carballiño e Nigrán. Máis información: www.boqueixon.gal.



Avanzan a bo ritmo as obras do centro formativo de Sergude

O conselleiro do Medio Rural, José González, e o alcalde, Ovidio Rodeiro, constataron o avance das obras no CFEA de Sergude, que buscan que os futuros traballadores do rural galego poidan formarse nunhas instalacións modernas e sustentables.



O San Cidre, exemplo de tradición nunhas xornadas na Universidade

Representantes da comisión de festas de San Cidre participaron na xornada "Enrédate na cultura", celebrada na Facultade de Ciencias de Educación do Campus Sur. Unha oportunidade para achegar esta festa a todas as persoas asistentes.

Éxito da V Xornada de Sensibilización en Violencia contra a Muller

Máis de medio cento de persoas tomaron parte na V Xornada de Sensibilización en Violencia contra a Muller, organizada polo CIM de Boqueixón en colaboración co Ministerio de Igualdade e ao abeiro do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. A concelleira de Servizos Sociais e Igualdade, Ángela Conde Leis, deu a benvida ao público, a quen lle recordou a importancia da educación e de dar visibilidade a estas cuestións.

Foi entón cando tivo lugar a intervención máis forte da noite: o testemuño de Eva María Vigo Martínez, veciña de Brión, como sobrevivinte de violencia de xénero, maltrato infantil, violación, rexeitamento social e acoso escolar. "Non me considero vítima, senón sobrevivinte", asegurou Eva María, en resposta ás cuestións planteadas polo público. Ela é unha das autoras do libro *"La voz del coraje"*, editado por Inserta Empleo, e en Boqueixón



Eva María Vigo recibe un agasallo de mans do alcalde



A psicóloga do CIM, Yolanda Neira, acompañou a Eva M Vigo



Música do grupo de acordeóns da AC Mestre Manuel Gacio



Cristina Carbajales presenta "Chicas Nuevas 24 horas"

fixo un relato moito máis detallado da súa vida, dende como o seu pai matou á súa nai, como a súa familia materna a explotou ou como foi violada e embarazada contra a súa vontade, para casar co seu agresor e vivir outros 16 anos de maltrato. Unha historia que chegou

moi fondo a todas as persoas presentes no auditorio.

Acto seguido, a directora do CIM, Cristina Carbajales, introduciu o documental "Chicas Nuevas 24 h", dirixido por Mabel Lozano, sobre a compra-venta de mulleres e nenas con fins de explotación sexual.

O alcalde, Ovidio Rodeiro, clausurou a xornada poñendo en valor o traballo que se leva a cabo no CIM, que prestou 306 servizos de atención xurídica e psicolóxica en 2023. A música correu a cargo do grupo de acordeóns da AC Mestre Manuel Gacio.

Mocidade e maiores, reunidos nunha andaina polo 25N

Un total de 264 nenos e nenas participaron na primeira andaina polo 25N organizada polo CPI Antonio Orza Couto, en colaboración co Concello e o CIM, e ao abeiro do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. Nela participaron o alcalde, Ovidio Rodeiro; a concelleira de Servizos Sociais e Igualdade, Ángela Conde Leis; así como persoal do CIM e profesorado do colexio.

Unha iniciativa enmarcada na programación pola



Na Andaina tomaron parte 264 nenos e nenas do colexio



Os maiores tamén recibiron o peto reflectante do Concello

conmemoración do 25-N e que se desenvolveu polo Forte baixo o lema "Camión ao Respeto". O Concello regalou un peto reflectan-

te a todos os participantes co lema do CIM: "A mans para loitar, non para ferir, a fala para acariñar, non para anular".

Esa mesma tarde, os maiores do programa de prevención da Dependencia tamén fixeron a súa propia andaina.

O Concello retoma o servizo de conciliación “Madruga Boqueixón”

O Concello vén de recuperar o servizo “Madruga Boqueixón”, unha iniciativa dirixida a facilitar a conciliación ás familias con crianzas matriculadas nun centro educativo do municipio. O servizo permite deixalos no colexio a partir das 7:30 horas, sabendo que estarán ben atendidos ata o inicio das clases.

O alcalde, Ovidio Rodeiro, visitou o “Madruga Boqueixón”, participando nas actividades de lecer que desenvolven nunha aula cedida polo CPI Antonio Orza Couto. “Madruga Boqueixón é un servizo que favorece a conciliación e pretendemos que se consolide nos vindeiros anos”, apunta Rodeiro Tato, quen amosa a súa disposición a “ampliar o número de prazas no que sexa preciso”.

De feito, para facilitar a participación, o Concello rebaxou nun 30% o prezo do “Madruga Boqueixón”



O alcalde visitou aos participantes no reinicio do servizo “Madruga Boqueixón”



As “Tardes Educativas e de Lecer” combinan estudos e obradoiros de ocio

como das “Tardes Educativas e de Lecer”, servizo que este ano conta con 33 participantes e que permite que a rapazada faga as ta-

refas escolares co apoio de monitorado especializado ou que realice actividades lúdico educativas (lecturas, xogos, obradoiros...).

Aberta a inscrición no Nadal Activo

O Concello convoca 25 prazas no Nadal Activo, un programa lúdico-educativo que facilita a conciliación no Nadal. As actividades terán lugar nas instalacións municipais do Forte e no CPI Antonio Orza Couto.

Datos: 22, 26, 27, 28 e 29 de decembro e 2, 3, 4 e 5 de xaneiro

Horario: de 9:00 a 14:00 horas.

Prezo: 50 € (para días soltos: 8€/día). Consultar bonificacións nas bases (www.boqueixon.gal).

Para: alumnado de 3 a 16 anos empadroadado ou matriculado nun centro educativo de Boqueixón.

Inscricións: ata o 10 de decembro, enviando o formulario de solicitude e a documentación a través da sede electrónica do Concello ou presencial, no Rexistro Xeral. Existirá a posibilidade de inscrición por días soltos.



Bancos violeta como compromiso coas vítimas e contra a violencia

A concelleira de Servizos Sociais e Igualdade, Ángela Conde, e as técnicas do CIM de Boqueixón, Cristina Carbajales e Yolanda Neira, inauguraron dous bancos violeta, símbolos do compromiso do Concello coas vítimas e o rexeitamento á violencia de xénero. Están en Lestedo, a carón do centro médico e do parque infantil.



Curso de introdución á lingua de signos no local social de Sergude

Unha ducia de veciños e veciñas de Boqueixón participaron durante este mes de novembro nas tres sesións do curso de introdución á lingua de signos impartido pola Asociación de Persoas Xordas de Santiago en colaboración co Concello. Avanzando na integración.

Un Nadal para disfrutar en familia

O Concello ten preparada unha ampla e variada programación cultural, deportiva e de lecer para o mes de Nadal dirixida a todos os gustos e idades. Así, para os seguidores do teatro familiar volve un ano máis o ciclo "Escena Pequena", que inclúe tres actuacións na Casa da Cultura de Camporrapado, ás 18:00 horas.

As obras son: "Bambolina", de Barafunda Animación, un espectáculo interactivo de clown onde as familias disfrutarán dunha sucesión de gags cómicos por parte dun grupo de paíños. O 9 de decembro, Teatro Ghazafellos pon en escena "Ninja", unha obra lúdica e tamén pedagóxica, pois trata un tema tan grave como o acoso escolar a través dunha historia divertida e chea de reflexións sobre a tolerancia, o respecto, o apoio mutuo e a diversidade.

Finalmente, Migallas teatro subirase ao escenario o



Os Bolechas actuarán o 5 de xaneiro, ás 17:00 horas, na Casa da Cultura

16 de decembro para ofrecernos "Elas pintas moito", unha sesión de contos e música en directo baseada na obra de pintoras como Frida Kahlo, Xulia Minguiñón ou Sonia Delauney, pintoras que se converteron en modelos de independencia fronte aos prexuízos machistas da sociedade na que lles tocou vivir.

Ademais, o salón de plenos acollerá o día 13 a presentación do libro "Coidados de Maiores e Enfermos", de Salvador Soutullo Carolo, resultado da súa experiencia como doente de diabetes e usuario dunha residencia de maiores tras sufrir unha amputación. Estará acompañado polo alcalde Ovidio Rodeiro.

Unha das novidades destas festas será a primeira Gala de Nadal do Club Squadra Boqueixón de ximnasia rítmica: o sábado 16, ás 17:30 horas, no pavillón do Forte. A outra terá como protagonista a Papá Noel que o xoves 21 visitará o CRA Boqueixón Vedra, mantendo as citas co alumnado da escola infantil municipal Raíña Lupa e do CPI Antonio Orza Couto.

Pola súa banda, os Reis Magos chegarán á Casa da Cultura na tarde do venres 5 de xaneiro, precedidos de "Os Bolechas. Un Nadal máxico". Ás 18:30 horas terá lugar a recepción de Melchor, Gaspar e Baltasar, así como o sorteo de agasallos en colaboración con SBC Gasolineras. Se queres colaborar como Paxe Real, chama ao Departamento de Cultura (981 51 31 15). E o sábado 6, de 17:30 a 20:30 horas, inchables, obradoiros e chocolate con churros no Boqueixogo.



Gran éxito de público do ciclo de teatro afeccionado BocAberta

O ciclo de teatro amateur BocAberta 2023 resultou un gran éxito de público, que practicamente ateigaron o auditorio da Casa da Cultura de Camporrapado nas actuacións de Andaravía Teatro, Asociación Cultural Pedroso e grupo de teatro do centro social de Vedra.



As clases de inglés volven rexistrar unha elevada participación

Uns 80 nenos e nenas, de entre 5 e 16 anos, participan nos cursos de inglés 2023/2024, que teñen lugar de outubro a xuño no CPIP Antonio Orza Couto. Dúas horas semanais de esforzo que cada ano se traducen en dúas de certificados oficiais B1 e B2 de Oxford.

Boqueixón promóvese no Fairway 2023

O Concello de Boqueixón tomou parte no Fairway 2023, o forum profesional do Camiño de Santiago celebrado no Pazo de Congresos e Exposicións de Galicia do 1 ao 3 de novembro. Nesta quinta edición, o Concello aproveitou para promover dúas rutas xacobeas que pasan polo municipio: o Camiño de Inverno e o Miño Ribeiro.

De feito, o alcalde, Ovidio Rodeiro, participou nas presentacións oficiais realizadas na feira dirixidas a dar a coñecer a riqueza cultural, natural, patrimonial, paisaxística e gastronómica destes dous camiños xacobeos ao seu paso por Boqueixón. A maiores, técnicos municipais estiveron no stand do Camiño Miño Ribeiro explicando os atractivos do noso municipio aos centos de visitantes que se achegaron polo Fairway.

Paralelamente, a Filloa de Lestedo converteuse



O alcalde participou na presentación do Camiño de Inverno



A degustación das filloas de Lestedo foi un dos eventos máis concorridos

na gran protagonista culinaria da xornada inaugural do Fairway. Integrantes da Asociación Cultural Festa da Filloa de Lestedo esti-

veron preparando filloas en directo, das que deron boa conta os centos de persoas que asistiron ao fórum.

O Torneo de Fútbol Sala terá lugar no polideportivo do Forte o 24 e 25 de Nadal

O Concello de Boqueixón organiza unha nova edición do tradicional Torneo de Fútbol Sala, que terá lugar no pavillón do Forte o 24 e 25 de decembro. Haberá dúas categorías: senior (maiores de 16 anos) e junior (de 10 a 16 anos).

As inscricións formalizaranse no Departamento de Deportes (636 731 721 ou deportes@boqueixon.gal). O prazo de presentación de solicitudes finalizará o luns 20 de decembro, ás 14:00 horas.

Unha vez compiladas todas as solicitudes dos equipos inscritos, procederase ao sorteo dos grupos de competición. Este sorteo terá lugar o martes 21 de decembro, ás 12:00 horas, no Salón de Plenos do Concello.



Dobre visita da selección galega de fútbol sala ao pavillón do Forte

O polideportivo municipal do Forte acolleu a principios e a finais de novembro sendas concentracións de adestramento das Seleccións Galegas Sub-19 e Sub-16 de Fútbol Sala. Sesións para que a rapazada continue aprendendo e mellorando.



Conversas con Xosé M. Lobato para conmemorar o Día Neira Vilas

O Concello conmemorou o Día de Neira Vilas cunhas charlas do escritor Xosé Manuel Lobato para alumnado do Cpi Antonio Orza Couto. Un acto que foi introducido polo alcalde, Ovidio Rodeiro, e o concelleiro de Ensino e Cultura, Gonzalo Redondo.



Boqueixón aposta polo deporte e a saúde

O deporte é saúde. Ache-ga beneficios físicos, fortalece osos e músculos, axuda a controlar a obesidade e reduce o risco de enfermidades. Pero tamén aporta beneficios tanto psicolóxicos como sociais, fomentando a socialización e mellorando o estado de ánimo da persoa, o que minora o risco de padecer estrés, ansiedad ou depresión.

Por iso é unha satisfacción ver como ten incrementado o número de veciños e veciñas que toman

parte nas actividades deportivas para adultos convocadas polo Concello. Xa son máis de 190 as persoas que practican zumba, ximnasia, bailoterapia, pilates ou as catro novidades deste ano: Circuit Training, GAP, Cross Funcional e Circuito Saudable Maiores.

Se lle engadimos os 38 nenos e nenas da ximnasia rítmica e patinaxe, o incremento no número de participantes con respecto ao ano pasado é de máis do 28%. E que continúe...



A actividade no ximnasio do Forte non para. Arriba, grupos de persoas adultas de ximnasia e pilates. Abaixo, rapazas asistentes ás clases de ximnasia rítmica

AXENDA DO MES DE DECEMBRO

Escena Pequena

Ciclo de Teatro Infantil

Casa da Cultura de Camporrapado.
18:00 horas. Entrada de balde.

Sábado 2
"Bambolina"
de Barafunda
Animación

Sábado 9
"Ninja"
de Teatro Ghazafellos

Sábado 16
"Elas pintan moito"
de Migallas Teatro

Domingo 10
Nadal Activo
Fin do prazo de anotación. Máis información: www.boqueixon.gal.

Mércores 13

"Coidado de maiores e enfermos"

Salón de plenos. 19:30 horas.
Presentación do libro de Salvador Soutullo Carolo.

Martes 19

Renovación do DNI

Casa do Concello. Dende 9:00 h.
Previa cita no 981 513 115.

Xoves 21

Visita de Papá Noel

CRA Boqueixón Vedra. EIM Raíña Lupa, CPI Antonio Orza Couto e residencia de maiores.

Dom/Luns 24/25

Torneo Interparroquial de Fútbol Sala

Pavillón do Forte.
Anotacións antes do 20 de decembro. Sorteo o 21 no salón de plenos.

... e en xaneiro

Venres 5

Recepción Reis Magos

Casa Cultura Camporrapado
Ás 17:00 horas.
Os Bolechas "Un nadal máxico".
Ás 18:30 horas.
Recepción das Súas Maxestades. Sorteo de agasallos entre as persoas asistentes, en colaboración con SBC Gasolineras.
Necesaria inscricións previa en www.boqueixon.gal

Sábado 6

Boqueixogo

Pavillón do Forte
De 17:30 a 20:30 h.
Inchables, obradoiros... e chocolate con churros!!!
Entrada libre e de balde.